San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**Convocatoria pública do programa de subvencións para a promoción e fomento do deporte e entidades deportivas do Concello de San Sadurniño para o ano 2023.**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE E ENTIDADES DEPORTIVAS 2023**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria do Programa de subvencións para a promoción e o fomento do deporte e entidades deportivas do Concello de San Sadurniño para o ano 2023.

**PRIMEIRO**: beneficiarios e réxime de concesión.

Poderán acceder a estas axudas as entidades deportivas rexistradas no rexistro municipal de entidades cidadás que desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial da localidade ou sobre temas deportivos de interese para ela e cumpran os requisitos establecidos no apartado 5 da ordenanza xeral de subvencións do Concello de San Sadurniño.

O réxime de concesión será de concorrencia competitiva.

**SEGUNDO:** entidades solicitantes e requisitos.

As entidades deportivas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar debidamente rexistradas no Rexistro municipal de entidades e ter os seus datos actualizados no Rexistro municipal de entidades no momento de presentar a súa solicitude.
- Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Non infrinxir o regulado no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- Cumprir os requisitos da convocatoria de concesión de subvencións.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da localidade e sobre temas deportivos de interese para ela.

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- Non estar incursa en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias (de carácter estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.

**TERCEIRO**: órgano competente para a instrución e resolución do procedemento.

Como se indica no apartado 4 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de San Sadurniño será a Alcaldía-Presidencia ou a Concellería delegada.

**CUARTO:** obxecto.

A realización de actividades de promoción do Deporte no termo municipal de San Sadurniño, dentro dos gastos subvencionables establecidos no punto 7 da ordenanza xeral de subvencións do Concello de San Sadurniño.

Os gastos obxecto de subvención deberán realizarse no período comprendido entre o 1/01/2023 e o 30/11/2023.

**QUINTO**: bases reguladoras.

O programa rexerase polas bases reguladoras publicadas no BOP da Coruña BOP nº 232 de data 09/12/2022 e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de San Sadurniño aprobadas por acordo plenario de data 29/09/2022.

**SEXTO:** contía.

O importe da consignación ascende a 12.000,00 euros con cargo no capítulo IV do orzamento municipal para o ano 2023.

**SÉTIMO:** solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes das subvencións dirixiranse á Alcaldía do Concello de San Sadurniño, no modelo que figura como anexo a estas bases (ANEXO I), e presentaranse, dentro do prazo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria na BDNS e presentaranse en formato electrónico a través do Rexistro electrónico da sede electrónica do Concello.

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**OITAVO:** Criterios de avaliación.

O crédito total asignado á presente convocatoria distribuirase de maneira proporcional á puntuación que cada entidade deportiva obteña unha vez aplicados os criterios de ponderación establecidos.

Criterios:

1. Para as entidades deportivas que non conten con equipas que participen en competicións deportivas de deportes olímpicos, establécese unha contía de 600,00 euros. O importe da subvención calcularase en función do número de licenzas federativas coas que conte cada entidade. Para o cálculo desta contía aplicarase a seguinte fórmula:

**Vp=600/Nl**

Sendo Vp o valor do punto e Nl a suma do número de licenzas federativas das entidades solicitantes. Coa finalidade de potenciar a práctica deportiva feminina, o número de licenzas federativas femininas multiplicarase por dúas.

A contía da axuda será o resultado da multiplicación do valor de Vp pola suma das licenzas federativas de cada entidade solicitante.

2. Para as entidades deportivas con equipas que participen en competicións deportivas de deportes olímpicos, establécese unha contía de 5.900,00 euros. O importe da subvención calcularase en función do número de licenzas federativas coas que conte cada entidade. Para o cálculo desta contía aplicarase a seguinte fórmula:

**Vp=5.900/Nl**

Sendo Vp o valor do punto e Nl a suma do número de licenzas federativas das entidades solicitantes. Coa finalidade de potenciar a práctica deportiva feminina, o número de licenzas federativas femininas multiplicarase por dúas.

A contía da axuda será o resultado da multiplicación do valor de Vp pola suma das licenzas federativas de cada entidade solicitante.

3. Pola titularidade das instalacións, xa sexa en propiedade ou por algún tipo de cesión de uso demostrada mediante o correspondente documento contractual, primando aquelas entidades con instalacións propias pola necesidade do seu mantemento. Establécese unha contía de 1.000,00 euros. Distribuirase de maneira proporcional en función do número de solicitudes.

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

4. Número de equipos por categoría para as entidades deportivas que participen en competicións deportivas de deportes olímpicos, establécese unha contía de 2.500,00 euros. Distribuirase de maneira proporcional en función da clasificación segundo ditame da comisión avaliadora.
5. Contía orzamentaria do programa presentado para a solicitude de entidades deportivas con equipos que participen en competicións deportivas de deportes olímpicos. Establécese unha contía de 2.000,00 euros. A ponderación atribuída a este criterio, distribuirase de maneira proporcional en función da clasificación segundo ditame da comisión avaliadora, atendendo aos seguintes parámetros:
    - de 500,00 a 1.000,00 euros: ata 0,50 puntos
    - de 1.001,00 a 2.000,00 euros: ata 1 punto
    - de 2.001,00 a 3.000,00 euros: ata 1,50 puntos
    - de 3.001,00 a 4.000,00 euros: ata 2 puntos
    - de 4.001,00 a 5.000,00 euros: ata 3 puntos
    - de 5.000,00 a 10.000,00 euros: ata 4 puntos.
    - Máis de 10.000,00 euros: 5 puntos

**NOVENO:** documentación.

1. Impreso de solicitude (Anexo I)

2. Memoria explicativa da actividade obxecto da subvención solicitada, con especificación da denominación, da actividade, datas e lugares de realización, responsables do seu desenvolvemento, obxectivos e fins concretos á que se destinarán os fondos, non sendo subvencionables fins distintos aos expostos na memoria e no correspondente orzamento de gastos (Anexo II).

3. Orzamento de Ingresos e de gastos da actividade, con expresión do financiamento previsto, e ao nivel de detalle que permita comprobar que todos os conceptos de gasto son subvencionables (Anexo III).

Así mesmo, presentarase a seguinte documentación relativa á entidade:

4. Certificación acreditativa dos cargos representativos e copia da acta onde figure a composición actual da Xunta directiva (Anexo V).

5. Fotocopia compulsada do CIF da entidade.

6. Documentación acreditativa de titularidade da instalación deportiva utilizada normalmente.

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

7. Certificado expedido pola correspondente Federación onde a entidade realiza a actividade subvencionada, indicando na devandita certificación o número de fichas de cada equipo nas correspondentes categorías nas que participa (Anexo IV).

8. Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante, con correspondencia exacta cos datos presentados pola persoa interesada no que respecta ao nome ou denominación social, CIF e número de conta bancaria.

**DÉCIMO**: proposta de resolución

O estudo e, de ser o caso, a concesión ou denegación de axudas económicas, realizarase unha vez revisadas as solicitudes presentadas, elaboránsose proposta de resolución que será resolta pola Xunta de Goberno Local concedendo ou denegando a axuda.

**UNDÉCIMO**: prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións terminará o día 30 de novembro de 2023, agás que se solicitase e concedese unha prórroga, que non excederá nunca do prazo de 50 días.

En San Sadurniño,

Sr. Alcalde Secundino García Casal